Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que este punto foi ditaminado favorablemente na comisión informativa correspondente do pasado xoves e que do que se trata é de debatir e aprobar, no seu caso, o plan económico-financiero tal e como se solicitou desde a Intervención municipal; que o motivo polo que é necesario facer este plan económico-financiero é probablemente un dos máis irracionais da normativa pola que se regulan as entidades locais, o famoso incumplimento da regra de gasto, unha normativa que vén dos tempos do Partido Popular, cando estaba o Sr. Montoro de ministro, e pola que aqueles concellos que cumpren, aqueles concellos que se atopan saneados, como é o caso do Concello de Culleredo, un concello cun período de pago medio a provedores de cinco días, un concello con débeda bancaria cero, un concello cun remanente de tesouraría positivo de case nove millóns de euros, un concello cun superávit aproximado a un millón e medio de euros, un concello que leva anos sen levar nin un só céntimo de euro a un expediente extraxudicial de recoñecemento de obrigas da conta contable 413, un concello que amosa un resultado de aforro de tres millóns e medio de euros, e que, como consecuencia de ser un concello cumpridor, como consecuencia de ser un concello que ten remanente de tesorería positivo, e por usar o dito remanente de tesorería positivo para cubrir as necesidades dos veciños de Culleredo, é castigado por incumplir esa falacia que é a regra de gasto; que a aprobación do plan económico-financiero non ten ningunha consecuencia para o Concello de Culleredo porque tal como din os informes de Intervención a nota explicativa da reforma local publicada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas establece ao respecto dos plans económico financeiros que valorarán a aplicabilidade das medidas establecidas no artigo 116 bis da Lei reguladora das bases de réxime local e que, ao respecto, conclúese que, dado que as magnitudes económico financeiras (estabilidade presupuestaria, superávit, remanente de tesorería positivo, cumprimento do período medio de pago a provedores, cumprimento do nivel de débeda) deste Concello demostran unha boa situación económica, non é necesario aplicar ningunha das medidas establecidas no mencionado artigo 116 bis máis que acatar este plan económico-financiero que non vai adoptar ningún tipo de medida estrutural, esperando que despois das eleccións xerais de novembro, o goberno que saia das urnas modifique e poida modificar esa normativa pois pensa que todos os concellos e todas as administracións locais, independentemente da súa cor política, están solicitando o seu cambio a través das institucións onde teñan representación, tanto na Federación Galega de Municipios e Provincias como na Federación Española de Municipios e Provincias; que mentres isto non se cambie, seguirase con estas restricións que castigan precisamente ás administracións que foron cumpridoras, castigando especialmente aos “irmáns pobres” do tecido das administracións públicas que son precisamente as entidades locais, parecendo que ás comunidades autónomas e ao Estado ó que se lle dá é barra libre, véndose por exemplo na Xunta de Galicia, no goberno galego do Sr. Feijoo,

12 de 66



Código do documento	Código do expediente
USG1310190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

que cando entra no goberno tiña débeda e neste momento a triplica, e o goberno do Sr. Mariano Rajoy colleu unhas contas públicas cunha débeda de seiscentos mil millóns de euros e a duplicou a máis dun billón de euros.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro que hai que deixar claro, extraendo a frase literalmente do informe da Intervención municipal, na súa páxina dous, é que “el concello de Culleredo incumple el límite de la regla de gasto en un importe de 2.642.330,30 €”; que estas normas, superrestrictivas na disposición dos fondos municipais por parte dos seus lexítimos xestores, non as creou o BNG senón que foron creadas polo PSOE e o PP cando fixeron o cambio express da Constitución (artigo 35) nunha tarde de verán e que a lexislación consecuenta dese cambio é a coñecida como “lei montoro”, sen que houbera un venres social no que se abordara a súa reforma, supoñendo esta normativa unhas disposicións que evitan que se empreguen os fondos para a cobertura dos servizos e necesidades dos cidadáns e que vaian parar a unhas contas bancarias nulamente retribuídas, ou insignificamente retribuídas, para maior gloria do negocio da banca, derivando nun mundo ao revés, onde os débiles financian aos fortes; que agora vén o equipo de goberno facendo de mangas capirotos cos números para evitar, tendo os fondos bloqueados, tendo aforro á forza, as consecuencias das súas reformas, apestando todo a cinismo político; que entre esas mangas de capirotos está o xogo coas datas obrigadas para a tramitación pois a interventora, xa no seu informe do mes de marzo, dicía que a lexislación obrigaba a presentar o plan económico-financieiro no prazo dun mes e non se trouxo ata o día de hoxe, retrasando o equipo de goberno a posta en coñecemento do informe da interventora que desvelaba o incumprimento da regra de gasto, casualmente, ata pasadas as eleccións municipais xa que, tal como dixo a concelleira de Facenda a esta pregunta, “coas eleccións non puido ser”, deixando despois que pase o tempo ata que se chega ás portas da elaboración dun novo orzamento, actuación moi sibilina pero que non cola.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que a semana pasada pediron distintas explicacións á concelleira de Facenda na comisión correspondente e case todas as respostas se remitían a que dispoñían de informes técnicos, unha vez máis; que hai proxeccións ou parágrafos que son difíciles de tragar como que “rompeuse a regra de gasto pero a conclusión é que non hai que tomar medidas”, ou unha declaración de que as previsións de transferencias finalistas para o próximo ano son de 5.000.000€ cando nos últimos anos non pasaron da metade e a media é inferior ao millón de euros, ou o comentario que se pode ler no informe da Intervención municipal que di que “entrando en el fondo del asunto todas las estimaciones se consideran correctamente efectuadas excepto la que se refiere a la previsión de ajuste por fondos finalistas previstos para 2019, consignar 5.223.700,11 euros en este apartado parece excesivamente optimista teniendo en cuenta los datos precedentes, aunque es evidente que parte de lo no percibido en el ejercicio anterior se percibirá en este creo que la cantidad es excesiva, si bien es cierto que también lo es la estimación de gasto no financiero previsto a 31/12/2019 (.../...)”.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que está abraído e que non sae do seu asombro pois as políticas máis retrógradas e máis involucionistas e que máis dano fixeron ás administracións locais e máis rancias do Partido Popular non son defendidas pola voceira do grupo político Popular de Culleredo senón que son defendidas polo representante do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, que fai unha defensa das políticas de Montoro, considerando el que a posición do Bloque Nacionalista Galego non é esa, ou polo menos a da súa representante no Parlamento Galego, unha persoa que xa ten demostrado unha experiencia política ben valorada, e os alcaldes do BNG con representación en órganos como a Fegamp (Federación galega de municipios e provincias) e na Federación española de municipios e provincias) o que están demandando é que esta norma se cambie e non fan unha defensa dunha norma que saben inxusta cun concello que está saneado e coas ratios económicas que se están a verter no informe económico que se presenta.



Código do documento	Código do expediente
USG1310190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Rico Vereá quen, unha vez concedido, di que lle parece unha estupidez que o Sr. Taibo, para defender este punto, se remonte a épocas do Sr. Montoro e do Sr. Rajoy e que o Concello se está saneado é porque houbo unha lei "Montoro" que fiscaliza todo o gasto polo que considera unha tontería dicir esa imbecilidade porque ata esa data había un montón de dacións de conta e un montón de facturas nos caixóns que agora, desde que se fixo unha política correcta, non hai.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere dicirle ao Sr. Diego Taibo que lle agradece a valoración feita sobre os representantes do BNG referidos pero o que si está claro é que a dita normativa derivou dunha reforma expresa da Constitución que entre o PSOE e o PP amañaron nunha tarde de verán

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que agradece a locuacidade e a brillante intervención do concelleiro do grupo político popular pero lle agradecería que retirara os termos de estúpido, mentiras ou imbecilidades utilizados realizando valoracións das distintas intervencións e que se dirixa aos seus compañeiros coa educación que sempre houbo nas intervencións plenarias; que insiste en que unha administración pública non está para endebedarse excesivamente pero que o que non pode ser é que haxa un remanente de nove millóns de euros e que o Concello teña veciños e veciñas de Culleredo con necesidades e que por culpa da aplicación dunha regra totalmente inxusta non se poida usar; que a súa petición é algo que están pedindo todos os alcaldes de todas as cores políticas na Federación española de municipios e provincias preguntando como pode ser que por incorporar un remanente de tesouraría positivo un concello saneado non poida utilizar o seu aforro ou que un concello que sufriu graves inundacións e ten que facer fronte a gastos extraordinarios estos lle computen na regra de gasto, pedindo que se pense o que se está defendendo; que o equipo de goberno cumpre coa normativa e trae a aprobación este plan económico-financieiro que non vai implicar ningún tipo de medida estrutural no funcionamento do Concello de Culleredo pois tal como di a interventora municipal no seu informe, a situación económica xeral do Concello é boa.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Rico Vereá quen, unha vez concedido, di que pide disculpas por dicir que lle parece unha imbecilidade ou unha tontería pero que o que si lle parece é unha demagogia que o Sr. Taibo diga o que dixo porque el sabe que por primeira vez no Concello de Culleredo se cumpre e o motivo é que se fiscaliza; que se financiou desde o Ministerio para que se pagaran todas as facturas que había nos caixóns e que foi esa política a que saneou aos concellos.

A continuación fai uso da palabra a alcaldesa en funcións e di que aceptan as disculpas e que hai que entender que o pleno é un lugar para dar exemplo aos cidadáns; que o plan deriva da necesidade de analizar o incumprimento da regra de gasto, unha regra fiscal que pretende limitar o gasto computable de xeito que non medre dun exercicio económico a outro máis alá da porcentaxe aprobada por cada exercicio presupostario e que este criterio contable non permite, inxustamente, descontar gasto financiado con incorporación de remanentes nin o gasto financiado con subvencións finalistas xa concedidas e aínda non ingresadas nese exercicio; que é un plan informado favorablemente pola Sra. interventora concluíndo con todo isto que o Concello de Culleredo goza dunha boa situación económica e que o gasto se fixo conforme ao presuposto polo que non é preciso adoptar ningunha medida máis que seguir cumprindo co presuposto como se estivo a facer ata agora.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da sra. concelleira delegada de facenda, patrimonio e administración electrónica, de data 25 de outubro de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (once), dos sres/as: Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.



Código do documento	Código do expediente
USG1310190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

Votos en contra: ningún

Abstencións: 9 (nove), dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da sra. Concelleira delegada de facenda, patrimonio e administración electrónica, de data 25 de outubro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4.- PROPOSTA RELATIVA A RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR DON ENRIQUE ANTÓN CHOUCIÑO GARRIDO, CONCELLEIRO E VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE CULLEREDO, CONTRA OS ACORDOS TOMADOS POLO PLENO DA CORPORACIÓN DE CULLEREDO NOS PUNTOS 10, 11, 12 E 13 DA ORDE DO DÍA DA SESIÓN DO 2 DE XULLO DE 2019 SOLICITANDO A DECLARACIÓN DE NULIDADE DE PLENO DEREITO DOS MESMOS.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do Sr. Alcalde de data 2 de setembro de 2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural, na sesión de data 5 de setembro de 2019, que literalmente di:

“O 05 de xullo de 2019, Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro do grupo municipal do BNG de Culleredo, presentou recurso de reposición “contra os acordos tomados polo Pleno da Corporación de Culleredo nos puntos 10, 11, 12 e 13 da orde do día da sesión do 2 de xullo de 2019” solicitando que se declare a nulidade de pleno dereito dos mesmos.

Visto o informe (código de documento UIT13100SN) emitido o 29 de agosto pola interventora xeral no que conclúe que “se trataría, en definitiva, de un defecto de forma e prazo (artículo 48 Ley 39/2015) que non daría lugar a anulabilidade salvo que non se procediera a la aprobación del plan o este non asumiera el incremento previsto y esto efectivamente provocara que se continuara incumpliendo la regla de gasto”, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Desestimar en todo o recurso de reposición presentado contra os acordos adoptados polo Pleno nos puntos 10, determinación dos cargos con adicación exclusiva e parcial; 11, indemnizacións por asistencias dos/as sres/as concelleiros/as ás sesións de órganos colexiados; 12, asignación económica aos grupos políticos municipais e 13, determinación, número e características do persoal eventual, en sesión celebrada o 2 de xullo de 2019.

Contra este acordo poderá interpoñerse contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da notificación do mesmo.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que unha vez pedidos e emitidos os correspondentes informes técnicos sobre o recurso de reposición presentado por don Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro do grupo municipal do BNG, o equipo de goberno entende que procede desestimalo dado que no informe da interventora se di que se trata, en definitiva, dun defecto de forma e prazo que non daría lugar non xa á nulidade de pleno dereito senón que nin sequera daría lugar á anulabilidade salvo que non se procedera á aprobación do plan económico-financieiro ou este

15 de 66

Código do documento	Código do expediente
USG13I0190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

non asumira o incremento previsto; que dado que xa se aprobou o dito plan económico-financieiro o goberno municipal entende que o que procede é desestimar o devandito recurso de reposición e trasladalo á parte recurrente por se quixera interpoñer o correspondente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses se considerara a súa procedencia.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que co que dixo nos puntos anteriores queda claro que tiñan razón pois xa o Sr. Taibo Monelos indicou que os acordos obxecto do dito recurso serían anulables salvo que se aprobara o correspondente plan económico-financieiro; que o dito plan aprobase no punto anterior e para iso houbo que esperar tres meses para contestar o recurso do BNG presentado no mes de xullo pois había que acomodar toda esta situación e poder así desestimar o recurso de reposición que levaba toda a razón en canto ao fondo; que tras consultas con expertos en Dereito administrativo coinciden con el en pensar que estes acordos son nulos de pleno dereito pois no momento da súa aprobación non se cumpría coas premisas necesarias para poder levalos adiante.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que os informes non din que sexa anulable senón que din que non é nulo de pleno dereito e que non é anulable, quedando de todas formas agora expedita a vía da xustiza ordinaria e o equipo de goberno, como xa vaticinou no pleno do 2 de xullo de 2019, entende que se cumpriron todos os requisitos legais; que hai un principio xeral do Dereito Administrativo que é a conservación de actos administrativos e, como ben din os informes técnicos municipais, estes actos son de natureza totalmente subsanable.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. Alcalde, de data 2 de setembro de 2019, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (once), dos sres/as: Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: 3 (tres), dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Abstencións: 6 (seis), dos sres/as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do Sr. Alcalde, de data 2 de setembro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo municipal socialista con motivo do día internacional contra a violencia de xénero, de data 24 de outubro de 2019, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:



Código do documento	Código do expediente
USG1310190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO ORDINARIO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA LA VIOLENCIA DE XÉNERO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de decembro de 1999, a Asamblea Xeral da ONU declarou o 25 de novembro Día Internacional da eliminación da Violencia contra as mulleres. Unha data que debe servir, non só para a reflexión por parte de toda a sociedade, senón tamén para a renovación dos esforzos por parte de todas as institucións políticas e sociais, para loitar contra esta lacra social .

A violencia de xénero funde a súas raíces na desigualdade entre homes e mulleres, consecuencia do patriarcado existentes nas nosas sociedades. Abordar a súa erradicación dende as políticas de igualdade é fundamental. Os asasinatos conforman a máxima representación desta forma de terrorismo machista que continúa sometendo ás mulleres en tódolos ámbitos da súa vida. No que levamos de ano foron asasinadas **49 mulleres, 3 menores e 37 orfos e orfas.**

A través da presente moción, o Concello de Culleredo amosa o seu compromiso coas mulleres e cos seus fillos e fillas vítimas dunha violencia que ten que ser erradicada.

Faise preciso o compromiso de todos e todas os cidadanos e cidadanas, homes e mulleres, e de toda a sociedade durante os 365 días do ano.

A violencia machista aféctanos a todos e a todas. Temos por tanto a obriga de combatila por tódos os medios posibles, empezando polas administracións.

Dende Culleredo, priorizamos a liberdade das mulleres e os seus fillos e fillas, liberdade que non se fará efectiva mentras se sintan amenazas/as e inseguros/as ou terminen por ser asasinadas. Combatir a violencia depende da colaboración e do traballo conxunto das diferentes administracións con competencias na materia. Todas as institucións debemos remar xuntas neste obxectivo, establecendo mecanismos de coordinación.

O Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, aprobado polo Congreso e o Senado (15 de novembro de 2016) cun amplo consenso entre todos os grupos políticos, contempla 200 medidas, entre as que destacan a creación de protocolos en atención primaria sanitaria, así coma o fomento no ámbito educativo dos valores na igualdade e a prevención do machismo.

No Real Decreto-ley 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urgentes para o desenvolvemento do Pacto de estado contra a violencia de xénero , acordouse:

- Devolver as competencias ao Concellos na promoción da igualdade e na loita contra a violencia de Xénero e establecer o reparto do presuposto comprometido no Pacto. Os Concellos so a peza clave e imprescindible nesta loita, e en moitas ocasións o primeiro e único recurso ao alcance das vítimas.
- Modificar a Ley Integral contra la Violencia de Género para mellorar a asistencia nos procesos xudiciais e facilitar o acceso aos recursos de asistencia, introducindo o feito de que a acreditación de situacións de violencia se poida poder realizar, a efectos administrativos, mediante informe dos servizos sociais ou dos servizos de acollida. Deste xeito, facilítase o acceso a dereitos laborais e prestacións Seguridade Social.



Código do documento	Código do expediente
USG1310190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

- Modificar o Código Civil para que os menores expostos á Violencia de Xénero sólo precisen do permiso de un dos proxenitores para recibir atención psicolóxica.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Culleredo propón para a súa aprobación os seguintes:

ACORDOS

- 1.- Que o Goberno central, autonómico e municipal, no ámbito das súas competencias, continúen a impulsar as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero tanto no ámbito educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e sensibilización social.
- 4.- Que o Goberno central, autonómico e municipal, no ámbito da súas competencias, insten aos medios de comunicación a evitar aqueles contidos que transmitan un estereotipo de relacións de parella baseado en comportamentos machistas.
- 5.- O Concello de Culleredo comprométese a seguir desenvolvendo, da man do tecido asociativo, e concretamente das asociacións de mulleres, a prevención, sensibilización e defensa dos dereitos e oportunidades das mulleres.
- 6.- Dar traslado da presente Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, a Vicepresidenta do Goberno e Ministra de Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad, e ao Presidente da Federación España de Municipios y Provincias (FEMP), así como á Xunta de Galicia.“

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que cada 25 de novembro os titulares, os minutos de silencio e as declaracións institucionais lembran a violencia e volven cada ano ao pleno; que esta violencia machista deriva do sistema patriarcal no que se vive e o feminismo galego sae á rúa porque cada vez que unha muller é asasinada ou agredida se pide xustiza; que se ben é certo que se teñen dado pasos adiante como sociedade fica moito por facer e a clave é aumentar os recursos dispoñibles para erradicar todo tipo de violencias machistas; que nesta preparación xurde algo que vén de dicir o Sr. Diego Taibo sobre que o Concello de Culleredo ten moitísimo remanente, que ten cartos a esgalla pedindo que por favor os gasten en recursos contra a violencia machista e a violencia sexista; que cada ano se trae ao pleno unha moción con palabras que seguramente teñen moi boas intencións por parte de todos os partidos, pero son mocións sen arma, con continente pero sen contido; que lle gustaría ser comprometida e o grupo municipal do BNG insta ao resto da Corporación a que este tema se trate doutro xeito, dirixíndose á sra. Alcadesa en funcións para dicirlle que ela sabe ben do que fala porque leva esa área e pedindo que non se perda nin un minuto en mocións e en declaracións porque hai que saír ás rúas porque cada minuto hai mulleres que están sufrindo a violencia sexista e hai mulleres que morren e hai que traballar, saír á rúa, aprobar todo o que o equipo de goberno faga sobre esta cuestión como por exemplo o plan de igualdade 2008-2011, desde o que xa choveu, e desde o que siguen morrendo mulleres, ou o centro municipal de mulleres sobre o que se se entra na páxina web, culleredo.es, ao clicar centro municipal de mulleres aparece un link que dirixe a un blog que fala do 2013, dun artigo de Roberto Vidal Bolaño, e pregunta se isto é o Concello, se isto é a loita contra a violencia machista, se isto é unha moción, rematando a súa intervención dicindo que teñen as mans sucias e que van votar a favor desta moción pero que piden por favor que se traballe en favor das mulleres.



Código do documento	Código do expediente
USG13I0190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo van apoiar esta moción porque considera que todos deben remar xuntos neste obxectivo, botando en falta certas actuacións que o Concello ía levar sobre este tema como as campañas de sensibilización social, que considera importantes e que deberían quedar ben definidas marcando o que o Concello podería facer sobre este tema, ou modificar as ordenanzas municipais para acabar coa tolerancia, a permisividade cara á publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delituosas e tamén constituír a Mesa local de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero xa que constitúe un documento operativo no que están representados todos os ámbitos que directa o indirectamente se centran na loita contra a violencia de xénero

A continuación fai uso da palabra a Sra. Alcadesa en funcións e di que efectivamente é unha moción e que as mocións dalgún xeito son unha declaración de intencións, pero iso non quere dicir que o Concello non estea a traballar durante todo o ano; que con respecto ao comentado pola Sra. Pérez Mosquera sobre o blog do 2013, efectivamente está parado porque o BNG o creou no 2013 e non facilitou as claves para que se poida continuar con el, polo que con ese blog non se pode traballar xa que non se conta cos accesos nin cos dominios, motivo polo que o dito blog non poderá funcionar máis a non ser que a persona que ten os seus dominios decida dalos.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal socialista con motivo do día internacional contra a violencia de xénero, de data 24 de outubro de 2019, que resulta aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción de data 24 de outubro de 2019 anteriormente transcrita.

C.I.F. P-1503100-H

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A REMATE DA OBRA DA AVDA. DE RUTIS E A SÚA MELLORA DE MOBILIDADE.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta do grupo político do BNG, de data 24 de outubro de 2019, relativa ao remate da obra da Avda. de Rutis e a súa mellora de mobilidade, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposta, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

Proposta para demandar o remate da obra da Avda de Rutis e a súa mellora de mobilidade

A avda de Rutis está estes días en obras no seu pavimento. Desde hai varios días, quedou un pano fresado pero sen asfaltar, as máquinas desapareceron de alí e non hai cartel que nos indique cando van rematar nin hai noticias sobre o por que desta situación.

Ademáis, ao noso modo de ver, ofrécese unha oportunidade para mellorar a mobilidade e seguridade viaria da contorna.

Hai tempo que temos feito ver que a porta de acceso peonil ao recinto de Acea de Ama non permanece aberta continuamente. Tamén o mellorable da situación respecto da ubicación do paso de peóns de forma que se evite o tránsito polo acceso dos vehículos e posterior tránsito peonil polos carrís dos coches xa no interior do recinto. Outro

19 de 66



Código do documento	Código do expediente
USG1310190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

tanto podemos dicir sobre o que podería mellorar a circulación, o cambiar a marquesina do bus se se ubicase a carón do acceso peonil ao recinto da Secretaría do Deporte da Xunta.

É por iso que queremos propoñer ao Pleno da Corporación, para o seu debate e se procede, aprobación:

- Demandar da Deputación da Coruña que remate a obra sen máis demora.
- Propoñer á Deputación, previos informes de viabilidade técnica, que coa nova sinalización viaria na avenida de Rutis, diante do IES Rego de Trabe:
 - Limitar a velocidade nesa vía a 30 qm/hora
 - Trasladar o paso de peóns a diante do acceso peonil ao recinto da Secretaría do Deporte da Xunta, de forma que quedaría mesmo en fronte do acceso peonil ao recinto de Acea de Ama, fomentando así o uso da única acera que hai nesa costa de subida (agora a xente entra maioritariamente polo acceso dos coches e xa sube por medio da vía rodada)
 - Indicar de forma ben visible, cal é a entrada de vehículos e cal é a de peóns.
- Propoñer á Xunta de Galiza, como emenda aos orzamentos da Xunta 2020, unha partida para acondicionar a mobilidade dentro do recinto, en particular as beirarrúas propostas no Plan especial da Laboral, redactado e aprobado e dispoñible para consulta no Concello de Culleredo.
- Propoñer á autoridade competente na ubicación da marquesina do autobús, o cambio a parte da beirarrúa onde está o acceso peonil ao recinto deportivo.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta.

A continuación fai uso da palabra a Sra. Alcaldesa en funcións e di que a avenida de Rutis é unha obra que se está levando a cabo desde a Deputación e que se comunicou ao Concello que a obra parouse por problemas técnicos que non se especificaron pero que estará rematada na presente semana ou na seguinte; que o equipo de goberno está de acordo coas propostas presentadas polo grupo político do BNG polo que o seu voto vai ser favorable.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que mentres non se rematen as obras solicita que haxa unha sinalización transitoria porque é escasa e os pasos de cebrá están sen pintar.

Intervén de seguido a Sra. Alcaldesa en funcións e di que a Deputación xa comunicou que a obra rematarase en breve.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do grupo político do BNG, de data 24 de outubro de 2019, que resulta aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta anteriormente transcrita.

Código do documento	Código do expediente
USG1310190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO RELACIONADO CO VIAL 18.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposta do grupo político do BNG, de data 24 de outubro dew 2019, relativa á exposición pública do proxecto relacionado co VIAL 18, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposta, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

Proposta para a exposición pública do proxecto relacionado co VIAL18

Recentemente foi sometido a exposición pública o anteprojecto do VIAL18.

Un dos apartados trata un texto que nos daba a coñecer unha situación que a día de hoxe segue sen ser do dominio público. Trátase do apartado “7.12.2 COORDINACIÓN CON OTRAS ACTUACIONES” que di:

“El presente proyecto se ha coordinado con las siguientes actuaciones que se llevarán en un futuro en la zona y que afectan a su diseño”.

Proyecto de Ampliación de capacidad de la AP-9. Tramo Elviña-A Barcala

Realizado por Eptisa para Audasa en coordinación con la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia (Ministerio de Fomento) en Abril de 2008. Este proyecto, realizado con definición y detalle de proyecto constructivo, no ha sido sometido a ninguna aprobación provisional oficial ni a ningún trámite de información pública, aunque está preparado para que en cualquier momento puedan iniciarse los trámites si así lo decidiese por parte de la Superioridad.

...

El proyecto consiste en la ampliación de la capacidad de autopista a tres carriles por sentido. Se diseña un tramo de ampliación de la plataforma a cuatro carriles desde el futuro enlace en A Corveira hasta el enlace del área de servicio. Así desde el enlace de A Corveira hasta el siguiente enlace, el enlace del área de servicio de O Burgo, se ha proyectado el trazado con cuatro carriles, de tal manera que los futuros ramales del enlace serán una prolongación del cuarto carril de la autopista y los dos enlaces quedarán comunicados con un carril de trenzado.

Non é de recibo, que unha actuación que está disposta para polñer en marcha en calquera momento sexa totalmente descoñecida desde 2008.

É por iso que queremos propoñer ao Pleno da Corporación, para o seu debate e se procede, aprobación:

- Demandar do Ministerio de Fomento que someta a exposición pública o proxecto que se menciona nese apartado.
- Que esta exposición pública se faga con métodos comunicativos que sexan asequibles á veciñanza. Planos, infografías, simulacións, etc.“



Código do documento	Código do expediente
USG13I0190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que descoñece totalmente a actitude coa que se presenta esta moción pois desde que se saque o plan o argumento para solicitar a súa exposición pública deben ser modificacións substanciais do mesmo pero mentres non se saque o plan inicial pedir unha segunda ou terceira ou promovela desde o Concello a el lle parece totalmente carente de contido e que non lle atopa o fondo do asunto máis que un acto electoralista fóra de lugar dentro da institución que representa o Concello para presionar ao Goberno Central ou calquera outra historia e que cando se saque a exposición pública procederá solicitar que se modifique pero mentres tanto el non atopa motivos para iso.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno comparte tamén a idea de que esta proposta ten un claro tinte electoralista pois nesta proposta solicítase que se someta o proxecto a exposición pública e iso significaría dar un paso máis para que ese proxecto se execute e que o que o goberno municipal quere é todo o contrario, que o dito proxecto non se execute, o que dixeron xa por activa e por pasiva en todas as súas declaracións e a súa alegación ao Ministerio foi nese sentido; que se trata dun proxecto que data do ano 2008 e que Culleredo ten agora unha realidade diferente polo que entenden que pode haber proxectos alternativos menos lesivos ou daninos para o Concello de Culleredo, sendo moi claros na alegación presentada amosando o rechazo a este proxecto do Vial 18 do ano 2008; que no caso de que nun futuro se realizase un proxecto do Vial 18 tería que ser respectuoso e non danar aos veciños e veciñas de Culleredo; que ese é o motivo polo que desde o goberno municipal non se pide que se impulse ou que se publique senón que pide que se revise, se reordene e se reestruture un proxecto para que provoque menos danos aos veciños e veciñas de Culleredo; que se trata dun proxecto de hai once anos polo que habería que actualizalo, considerando ademais preceptivo o consenso entre todos os concellos afectados por esta infraestrutura e que non entenden cal é o fin da moción que neste punto presenta o BNG.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que respecto ao comentado sobre que non se sabe cal é a actitude cre que está ben clara e ben xustificada pois esta é interesarse por unha cuestión que pode alterar o mapa urbano da zona máis poblada de Culleredo e que, con respecto ao comentado sobre que parece un acto electoralista di que é difícil coa cantidade de procesos electorais que hai que non o pareza e desexa que rematen dunha vez para poder tramitar as diferentes cuestións; que non puideron falar antes deste proxecto porque non tiñan coñecemento do mesmo e que se debería explicar polos distintos organismos implicados por que hai un proxecto deste calado para o Concello de Culleredo e non se sabía nada, ou polo menos o BNG non sabía nada a pesar de que leva xa redactado desde hai once anos; que sobre o que se dixo do procedemento, das alegacións, o grupo do BNG intentou impulsar que houbera alegacións e non houbo maneira de consensuar que as houbera e foron presentadas unha vez expirado o prazo polo grupo de goberno; que xa sabe que houbo diferentes interpretacións sobre o vencemento deste prazo e que o BNG intentou varias veces e en distintas reunións tratar este tema e que houbera alegacións consensuadas por todos os grupos políticos municipais porque este é un proxecto relacionado e o equipo de goberno di que se van opoñer a el polo que recorda que tamén no seu día o equipo de goberno era contrario á ampliación do aeroporto e xa se sabe como acabou polo que considera oportuno debatir nesta sesión esta cuestión pois o contrario non sería serio.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que o Sr. Chouciño falou de que este é o foro ideal para debatir e que efectivamente, pódese debatir todo o que se queira, e se pode opinar, pero para debatir realmente hai que buscar o foro competente e lle di que ten que entender que se pregunte pola actitude porque o mecanismo que pretende utilizar é totalmente inadecuado xa que por moito que o pleno vote a favor da proposta non ten competencias e unha exposición pública non se pode

Código do documento	Código do expediente
USG1310190	USG/2019/209
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
094I 0J68 6933 516P 1EFX	

pedir porque si senón que ten que estar respaldada por un argumento xurídico e neste caso non hai un estudio de fondo, non hai unha preocupación real e aínda que se fale cos veciños e se traia ao pleno non vai proceder e non porque o pleno non queira senón porque non hai causa xurídica que o xustifique, pedíndolle ao Sr. Chouciño Garrido que cando traia asuntos para debatir ao pleno o faga amparándose en causas xurídicas que o xustifiquen porque do contrario serían debates sen froito ningún.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o que se lle está intentando dicir ao Sr. Chouciño Garrido é que a aprobación desta moción daría un paso máis na execución dunha infraestrutura na que o equipo de goberno está posicionado en contra e pedir ao Ministerio que faga publicacións daría impulso ao procedemento e o concello non quere que se execute polo menos tal como está porque sería contraproducente para os veciños e veciñas de Culleredo porque nos once anos transcurridos o municipio cambiou moito e o que hai que intentar é que ese proxecto quede nun caixón.

